ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 26 DE ABRIL DO 2021.

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e nove de marzo do dous mil vinte e un, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria Mª Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Pilar Espinosa Novelle, Dna. Marina Mª Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Diaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Victor Manuel Rodríguez López e D. Manuel Rodríguez Martínez.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias
Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.
Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE 29 DE MARZO DO 2021.

Sométese a votación a acta do pleno de 29 de marzo do 2021, aprobándose por unanimidade dos membros presentes.

2º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 24.03.2021 AO 20.04.2021.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 24.03.2021 e o 20.04.2021.

PARTE RESOLUTIVA

3º.- APROBACIÓN DA CONSULTA PÚBLICA NO PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXIS.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro abstencións do concelleiro e concelleira do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

"APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONSULTA PÚBLICA PREVIA NO PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXIS.

Examinado o informe da Secretaría Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:

"INFORME SOBRE A APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI.

PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.

SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.

TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias "as potestades regulamentarias e de autoorganización" no seu artigo 4. l.a).

CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.

QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que "na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis". Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na

súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao circulo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.

SEXTO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.

SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).

OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.

O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

a. Consulta pública previa.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, se substanciará una consulta pública.

b. Informes previos.

O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.

c. Aprobación inicial polo Pleno.

Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.

d. Información pública e audiencia dos interesados.

O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

e. Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).

Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.

Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que "no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional".

f. Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que "os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2"

g. Entrada en vigor.

Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requerimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requirimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).

NOVENO.- A consulta pública previa ten que ser realizada mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios da páxina Web do Concello de Monforte de Lemos.

DÉCIMO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRBRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación deste regulamento.

Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de consulta pública previa á aprobación da Ordenanza Reguladora do Servizo de Taxi do Concello de Monforte de Lemos. "

Non existe regulación actual, no Concello de Monforte de Lemos, do Servizo de Taxis, a excepción da Ordenanza fiscal, e para que evitar que se poidan producir diversos inconvintes debido á falta de regulación tanto no que se refire á normativa para a prestación concreta do Servizo como no que se refire a tramitación dos diversos procedementos.

Por outra parte é preciso concretar a que actividade se extende a competencia municipal así como os dereitos e obrigas, por unha banda, dos usuarios e titulares das licenzas e, por outra, do Concello de Monforte de Lemos.

Por elo, non existindo norma de carácter xeral que regule, dende o aspecto organizativo, a actividade que nos ocupa é acaido proceder á elaboración dunha ordenanza co fin de solucionar as eivas citadas.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se substanciará una consulta pública.

Polo que vai dito e, en base ao mesmo, proponse que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Realizar a consulta previa en relación á aprobación duha ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXIS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

2º.- Fixar o prazo de dita consulta en 15 días naturais, contados dende a data de inserción da mesma na páxina web do Concello de Monforte de Lemos, sendo con carácter xeral os destinatarios da consulta pública os cidadáns afectados, en concreto as persoas físicas empadroadas en Monforte de Lemos, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

3º- A consulta faise coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que deberán poñerse á súa disposición os documentos necesarios, que serán claros, concisos e reunir toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.

4º.- Aprobar o contido da consulta pública previa segundo o anexo que se achega.

5 º.- Ordenar a súa publicación no portal web do Concello de Monforte de Lemos."

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que nos puntos 3 a 7 da aprobación das consultas, cada un no seu ámbito, se non hai unha ordenanza reguladora, di que van votar a favor das cinco. Di que o punto número 7 poderíase acumular co punto número 11. As ordenanzas que se fagan e se axusten á necesidade de Monforte, que se conte con todalas administracións e con todos os elementos implicados.

Intervén D. Jaime Germán amosa o seu voto a favor sinalando que é un mero trámite. Di que lle gustaría aproveitar para facer chegar a todo o pleno a posición do seu grupo sobre as desafortunadísimas verbas pronunciadas polo presidente, gustaríalle saber por qué dende o Concello, concellería de igualdade non se fixo absolutamente nada, di que non lle parece lóxico que o Concello debe estar por riba do Alcalde.

Intervén Dª Katherinie Varela di que en relación a este punto que están a favor, solicita que se escoiten as propostas que faga este sector.

Inervén o Sr. Alcalde dicindo que se poden tratar o punto 7 co 11 e o 5 co 12, sen ningún problema. Di que este é un trámite legal. En relación co que di o Sr. Germán dille que se ten calquera cousa que propoñer para debatir o que considere, e de paso pode mirar outras expresións desafortunadas como esa como foi unha dirixida a Dª Ana Pontón. Dille a Dª Katherinie evidentemente os taxistas, xa se lle dixo, xa propuxeron cousas e se terán en conta na medida do posible, e antes de que veñan a este pleno se terán informados en relación a proposta a realizar.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

4º.- APROBACIÓN DA CONSULTA PÚBLICA NO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE TRÁFICO.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro abstencións do concelleiro e concelleira do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

"APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONSULTA PÚBLICA PREVIA NO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO.

Examinado o informe da Secretaría Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:

"INFORME DA SECRETARÍA XERAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS SOBRE A CONSULTA PREVIA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO.

PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL)

(art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.

SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.

TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias "as potestades regulamentarias e de autoorganización" no seu artigo 4. l.a).

CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.

QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que "na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis". Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao circulo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.

SEXTO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.

SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).

OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.

O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

a. Consulta pública previa.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normasse substanciará unha consulta pública

b. Informes previos.

O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.

c. Aprobación inicial polo Pleno.

Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.

d. Información pública e audiencia dos interesados.

O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

e. Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).

Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.

Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que "no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional".

f. Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que "os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2"

g. Entrada en vigor.

Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requerimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requirimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).

NOVENO.- A consulta pública previa ten que ser realizada mediante inserción no Taboleiro de Anuncios da páxina Web do Concello de Monforte de Lemos.

DÉCIMO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRBRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación deste regulamento.

Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de consulta pública previa á modificación da Ordenanza Municipal de Tráfico do Concello de Monforte de Lemos.

É canto procede informar
O SECRETARIO XERAL".

Existe regulación actual, no Concello de Monforte de Lemos, da materia de tráfico, pero estímase que, para profundizar na mellora das súas condicións, é acaída a adopción de medidas complementarias ás existentes, medidas que esixen un respaldo normativo.

Por elo, existindo norma de carácter xeral que regula a materia, considérase suficiente para o obxetivo que se quere acadar, unha mera modificación da ordenanza existente, cuxa aplicación non está a causar ningun problema, pero que verase complementada e mellorada coas medidas que se pretenden implantar.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se substanciará una consulta pública.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Realizar a consulta previa en relación á modificación da ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO.

2º.- Fixar o prazo de dita consulta en 15 días naturais, contados dende a data de inserción da mesma na páxina web do Concello de Monforte de Lemos, sendo con carácter xeral os destinatarios da consulta pública os cidadáns afectados, en concreto as persoas físicas empadroadas en Monforte de Lemos, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

3º- A consulta faise coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que deberán poñerse á súa disposición os documentos necesarios, que serán claros, concisos e reunir toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.

4º.- Aprobar o contido da consulta pública previa segundo o anexo que se achega.

5 º.- Ordenar a súa publicación no portal web do Concello de Monforte de Lemos."

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:
Intervén o Sr Alcalde que esta modificación se basa sobre dúas cousas, unha delas ven dada pola modificación do regulamento de tráfico a nivel estatal sobre sinalización de velocidade e control de tráfico por medios elevados.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

5º.- APROBACIÓN DA CONSULTA PÚBLICA NO PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA "MESTRE IBÁÑEZ".
Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o punto número 5 e 12 debáteranse acumulados conxuntamente por abordar un tema común, o conservatorio, sendo a votación por separado.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro abstencións do concelleiro e concelleira do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:
"APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONSULTA PÚBLICA PREVIA NO PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA "MESTRE IBÁÑEZ".

Examinado o informe da Secretaría Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:

"PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.

SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.

TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias "as potestades regulamentarias e de autoorganización" no seu artigo 4. l.a).

CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.

QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que "na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis". Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao circulo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.

SEXTO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.

SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).

OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.

O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

a. Consulta pública previa.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas se substanciará una consulta pública.

b. Informes previos.

O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.

c. Aprobación inicial polo Pleno.

Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.

d. Información pública e audiencia dos interesados.

O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

e. Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).

Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.

Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que "no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional".

f. Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que "os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2"

g. Entrada en vigor.

Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requerimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requirimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).

NOVENO.- A consulta pública previa ten que ser realizada mediante inserción no Taboleiro de Anuncios da páxina Web do Concello de Monforte de Lemos.

DÉCIMO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRBRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación deste regulamento.

Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de consulta previa á aprobación inicial do Regulamento do Conservatorio Municipal de Música "Mestre Ibáñez"

O SECRETARIO XERAL"

Non existe regulación actual, no Concello de Monforte de Lemos, do Conservatorio Municipal de Música "Mestre Ibañez" e para que evitar que se produzan inconvintes dada a confluencias de normativas aplicables, por unha banda, os aspectos docentes, regulados pola normativa autonómica e, por outra, os aspectos organizativos derivados das relacións laborais dos traballadores que prestan os seus servizos no citado Conservatorio aos que lles son de aplicación as normas propias do réxime local, estímase preciso a aprobación dunha normativa de carácter xeral.

Coa finalidade de que a normativa non produza disfuncións na prestación do servizo e, nunha deficente prestación do servicio así como unha falta de seguridade xurídica e canto os dereitos e deberes, tanto dos traballadores como as facultades e obrigas do propio Concello de Monforte, preténdese a aprobación dunha disposición admnistrativa de carácter xeral.

Por elo, non existindo norma de carácter xeral que regule, dende o aspecto organizativo e laboral, a actividade que nos ocupa é acaido proceder á elaboración dun regulamento co fin de solucionar as eivas citadas.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, se substanciará unha consulta pública.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Realizar a consulta previa en relación á elaboración dun REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA "MESTRE IBÁÑEZ".

2º.- Fixar o prazo de dita consulta en 15 días naturais, contados dende a data de inserción da mesma na páxina web do Concello de Monforte de Lemos, sendo con carácter xeral os destinatarios da consulta pública os cidadáns afectados, en concreto ás persoas físicas empadroadas en Monforte de Lemos, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

3º- A consulta faise coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que deberán poñerse á súa disposición os documentos necesarios, que

serán claros, concisos e reunir toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.

4º.- Aprobar o contido da consulta pública previa segundo o anexo que se achega.

5 º.- Ordear a súa publicación no portal web do Concello de Monforte de Lemos."

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén Dª Katherinie Varela para dar lectura á moción presentada polo seu grupo.

Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias dicindo que con respecto ao punto sinala que é un regulamento ben feito contando con tódalas partes, se puidera ser cos portavoces da oposición, creería que debe de facer esa ordenanza di que é unha das cousas que viría a solucionar algún tipo destes problemas. Di que despois de ter contacto cos traballadores. Sinala que o que se está a facer non é o máis axeitado, di que pode haber algún tipo de disputa, algún tipo de puntos de vistas distintos, a mellor maneira de chegar a un acordo é o diálogo. Máis vale un mal acordo que é un bo pleito. Di que haberá que buscar un acordo para que esas partes non se sintan "maltratadas". Di que hai cousas graves, sinala que se chegou a dicir despois dunha xuntanza que se ameazou con pechar o conservatorio. Di que xa hai tempo se ven reclamando esa RPT que xunto coas ordenanzas van delimitar as competencias de cada quén e as súas funcións, amosa o seu voto a favor desta iniciativa.

Intervén D. Jaime Germán en relación coa moción presentada do Partido Popular tendo en conta que é un tema xudicializado, gustaríalle ser prudentes ao respecto, solicita a votación por puntos, di que non teñen claro cal das dúas partes ten a razón. Gustaríalle que o equipo de goberno se amosase máis dialogante. Sinala que non se refiren só a este caso concreto o fai extensivo a outros traballadores do Concello. Di que fai un mes o grupo do PSOE trouxo unha moción en defensa da educación pública, e se propuxeron unha serie de medidas sobre as que se podería actuar, mellorar as condicións dos profesores do conservatorio. Di que votaran a favor do punto da moción.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que a proposta do regulamento trata de solucionar os problemas. Regula os aspectos docentes e a normativa dos traballadores do centro. Por outra banda, existe un aspecto organizativo e de funcionamento do centro, matrículas, reservas, horarios, etc. O que pretende facer con este regulamento é concretar a norma de regulamento do conservatorio, pero tampouco non se pode realizar deixación. Fala da problemática máis importante son las relaciones laborales do persoal. Fala da RPT, regulamento onde se pretende a regularización do persoal. Para valorar o asunto quere facer unhas breves reflexións, di a prestación do conservatorio é unha competencia da Xunta, o Concello presta servizos distinto dos propios, que hoxe en día estarían prohibidos pola normativa, a competencia para a regulación dos aspectos docentes é exclusiva da Xunta de Galicia, pero a competencia do regulamento do servizo, excluído a de

docente, é exclusivamente municipal. Di que o coste total 220.483,99 €, elo supón un 4,94% do total do capítulo I, é a unidade do Concello onde máis recursos se destinan, todo elo non é competencia municipal. Fala dun réxime semiasambleario ao marxe da organización municipal. Di que é precisa unha regulación integral, determinación das funcións, regular os procesos de matrícula, establecer unha estrutura organizativa, normas de convivencia. A normativa das relación laborais do conservatorio, é a do réxime local.

Intervén Dª Katherinie Varela dicindo que está de acordo con que haxa unha regulación do conservatorio. Di o Sr. Ibán que hai que p4ensar nos usuarios e non pode haber unha deixación de funcións, non se poden permitir deixación, di que eles cren que non houbo deixación de función, o que non se pode facer é tres días antes dicir que se modifica o horario de traballo a tráves dun correo electrónico. Por iso solicitan que se desista dese inicio de expediente porque non hai absentismo, e algunha persoa no seu contrato laboral que soamente imparte clases é xoves e venres, e se di que ten absentismo luns e martes. Por outra banda, no segundo punto da moción falan das contendas xudiciais abertas. Di que hai dúas partes, xa que vai haber un regugalamento para que se eviten estas incicencias, que se arranxe de maneira extraxudicial todas as que estén en curso xa que é mellor para todos. O terceiro punto que están máis que de acordo que se ten que facer ese regualmento, di que eles están máis que encantados que se invirta na cultura dos xoves.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que á cousa está bastante clara, quere facer unha reflexión, cando nunh aempresa entre os traballadores e o encargado hai algún tipo de problema o patrón da empresa deberá buscar unha maneira de acordo e de consenso. O Sr. Torres vostede mesmo dixo claramente na súa exposición, a posible solución a este problema, dixo vostede o profesorado son traballadores do réxime local,se no rexime local non hai ordenanza, en función a qué vostede abren un expediente, non hai ordenanza, polo tanto cre que aí é onde esta a posible solución.

Inervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que consideran que é fundamental que se negocie e se aprobé un convenio propio para os profesores do conservatorio.

Intervén D. Ibán Torres di que non se poden convertirse nun réxime asambleario onde se decidan tipos de contratos, horarios, etc, porque legalmente é a empresa quén se adica a estas cousas. Dille a Dª Katherinie no ano 2000-2001 fixerónse contratos dunha maneira precaria, dende ese momento non se levou ningún cambio en canto a contratos laborales, di que non se variou ningún contrato. Fala de que son consecuencia de que estes traballadores levan cun contrato laboral dende que empezaron no conservatorio, di que estes traballadores non fixeron ningunha reclamación xudicial. Porque non a fixeron antes, probablemente igual porque non se atrevían, x aque se atopaban amenazados polo anterior equipo de goberno, polo peche do conesrvatorio. Ete equio de goberno non puxo ningunha traba. En canto á discricminación salarial en ningún momento se cambiaron as condicións económi9cas de ningún traballador do conservatorio. E non existe ningún expediente de reclamación salarial por parte dos traballadores, é maís

cando se estabilizaron as prazas non houbo ningunha reclamación. Pregúntase porqué agora. Fala que os traballadores teñen os mesmos dereitos que os traballadores municipais.

Intervén Dª Katherinie Varela di que é positivo chegar a este punto, chegar á conclusión de realizar un regulamento. Di que eles unha vez que viron esto, entende que todavía está nunha fase de iniciación para evaluar se se fai esa sanción e se comprobe. Di que unha cousa é cando as administracións están obrigadas a dar un servizo, os conservatorios non é ensinanza obrigatoria, pero é importante que unha cidade teña un conservatorio e formentar a cultura. Espera que con este regulamento van votar a favor o inicio deses trámites.

Intervén o Sr. Alcalde di que ter un servzio como o caso do conservatorio claro que é impotante di que fala de regulalo non de suprimilo. Di que quede claro que hai un convenio que afecta a todo o persoal, incluido a todo o conservatorio, organiza o traballo o Concello. Di que eles respectan este convenio cando podían deixalo derogar, se se repaso o real decreto do ano 2012 onde se tomaban as medidas especiais, salvo que cada Concello o mantivera vixente, cousa que fixeron eles. Di que eles os dereitos os defenden, pero privilexios non. Ese convenio está vixente porque ese equipo de goberno quixo. Fala que de que os traballadores da piscina si que terían un problema se o Concello non houbese actuado, dada a intervención do Concello se mantiveron os postos de traballo e cobraron todos os meses, cando foron o ERTE cobraron o 100%, onde actuou mal este equipo de goberno contra os traballadores da piscina? Salvo que non foran a traballar, na piscina non pode atopar un bo exemplo. E logo di que semrpe foi así, que cando non hai clase non se traballa, iso non é así os traballaores da escola de capacitación aagraria, se en navidades querían días, pedían días de asuntos propios, non era que fora vacacións de nadal de Semana Santa. Fala vostede dos días lectivos, pero os días non que non hai clase, non quere dicir non se vaia traballar, nos centros eescolares que el coñece si. Se o Concello considera que é media xornada é así. Vostedes estiveron aí e agora que se vai arranxar o tema, xustamente coa RPT, e se lles dixo claramente que eran indefinidos non fixos, pero non arranxan nada. Día lectivo non significa non traballar significa que non hai clase, pero si hai actividade no centro. O convenio afecta a todos os traballadores de todo o Concello, o conservatorio é un servizo máis como contratación, intervención. Sinala que aquí non hai repúblicas independentes. Hai que ser moi cautelosos cando se falan de persoas.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

6º. –APROBACIÓN DA CONSULTA PÚBLICA NO PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS. (CEMITERIO NOVO, CEMITERIO VELLO E CEMITERIO DE PIÑEIRA).

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro abstencións do concelleiro e concelleira do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONSULTA PÚBLICA PREVIA NO PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS (CEMITERIO VELLO, CEMITERIO NOVO E CEMITERIO DE PIÑEIRA).

Examinado o informe da Secretaría Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:

"PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.

SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.

TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias "as potestades regulamentarias e de autoorganización" no seu artigo 4. l.a).

CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.

QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que "na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis". Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao circulo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.

SEXTO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.

SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).

OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.

O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

a. Consulta pública previa.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, se substanciará una consulta pública.

b. Informes previos.

O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.

c. Aprobación inicial polo Pleno.

Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.

d. Información pública e audiencia dos interesados.

O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

e. Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).

Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.

Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que "no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional".

f. Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que "os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2"

g. Entrada en vigor.

Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requerimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requirimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).

NOVENO.- A consulta pública previa ten que ser realizada mediante inserción no Taboleiro de Anuncios da páxina Web do Concello de Monforte de Lemos.

DÉCIMO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRBRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación deste regulamento.

Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de consulta pública previa á aprobación da Ordenanza Reguladora dos Cemiterios Municipais (Cemiterio Vello, Cemiterio Novo e Cemiterio de Piñeira).
O SECRETARIO XERAL"

Non existe regulación actual, no Concello de Monforte de Lemos, dos CEMITERIOS MUNICIPAIS (CEMITERIO VELLO, CEMITERIO NOVO E CEMITERIO DE PIÑEIRA) o

que está para evitar inconvintes dada a falta de regulación, tanto no que se refire á falta de normativa para a prestación concreta do Servizo, como no que se refire a tramitación dos procedementos de concesión de utilización privativa das distintas cabidas, nichos e sepulturas, é preciso a aprobación dunha normativa regudora da prestación do servizo.
Igualmente non están establecidos os criterios polos cales se adxudican aos solicitantes as distintas unidades de enterramento, utilizándose es este momento un criterio meramente temporal o que pode producir diversas disfuncións nas adxudicacións.

Por outra parte é preciso concretar a que actividade se extende a competencia municipal así como os dereitos e obrigas, por unha banda, dos usuarios e concesionarios das instalacións e, por outra, dos traballadores que presten os seus servizos en ditas instalacións.

Por elo e, non existindo norma de carácter xeral que regule, dende o aspecto organizativo e laboral, a actividade que nos ocupa é acaido proceder á elaboración dunha ordenanza co fin de solucionar as eivas citadas.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se substanciará una consulta pública.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Realizar a consulta previa en relación á elaboración duha ORDENANZA REGULADORA DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS (CEMITERIO VELLO, CEMITERIO NOVO E CEMITERIO DE PIÑEIRA).

2º.- Fixar o prazo de dita consulta en 15 días naturais, contados dende a data de inserción da mesma na páxina web do Concello de Monforte de Lemos, sendo con carácter xeral os destinatarios da consulta pública ós cidadáns afectados, en concreto as persoas físicas empadroadas en Monforte de Lemos, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

3º- A consulta faise coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que deberán poñerse á súa disposición os documentos necesarios, que serán claros, concisos e reunir toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.

4º.- Aprobar o contido da consulta pública previa segundo o anexo que se achega.

5 º.- Ordenar a súa publicación no portal web do Concello de Monforte de Lemos."

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez di que isto forma parte doutra ordenanza que non existe non Concello, non é que fose o anterior goberno, nunca houbo unha ordenanza municipal sobre o cemiterio. Lembrarlle a vostedes que o anterior goberno, eran vostedes, porque antes o sr. Torres dixo que hai catro anos gobernaban vostedes, e non houbo eses problemas.

Intervén o Sr. Alclade dicindo que hai unha ordenanza fiscal pero non hai una ordenanza regulamentaria do cemiterio, cando se fala do anterior goberno, fálase do goberno doutro partido, oito anos do PP son máis de seis, e doce anos do BNG son máis, que seis escasos que levan eles.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

7º.- APROBACIÓN DA CONSULTA PREVIA NO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS.

Os puntos 7 e 11 debáteranse acumulados conxuntamente por abordar un tema común, servizos sanitarios, sendo a votación por separado.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro abstencións do concelleiro e concelleira do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:
"APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONSULTA PÚBLICA PREVIA NO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS.

Examinado o informe da Secretaría Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:

"PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.

SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do

termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.

TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias "as potestades regulamentarias e de autoorganización" no seu artigo 4. l.a).

CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.

QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que "na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis". Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao circulo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.

SEXTO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.

SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).

OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.

O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

a. Consulta pública previa.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas se substanciará una consulta pública.

b. Informes previos.

O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.

c. Aprobación inicial polo Pleno.

Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.

d. Información pública e audiencia dos interesados.

O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

e. Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).

Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.

Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que "no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional".

f. Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que "os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei.

As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2"

g. Entrada en vigor.

Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requerimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requirimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).

NOVENO.- A consulta pública previa ten que ser realizada mediante inserción no Taboleiro de Anuncios da páxina Web do Concello de Monforte de Lemos.

DÉCIMO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRBRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación deste regulamento.

Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de consulta previa á aprobación inicial da Modificación dos Estatutos do Instituto Municipal de Drogodependencias
O SECRETARIO XERAL ".

Existe regulación actual, no Concello de Monforte de Lemos, aprobada no Pleno do ano 96 pero estímase que, para profundizar na mellora das condicións da prestación do servizo, e na racionalización dos órganos de xestión e de participación cidadá é preciso a adopción de medidas que esixen un respaldo normativo.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se substanciará una consulta pública.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Realizar a consulta previa en relación á modificación dos ESTATUTOS DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS.

2º.- Fixar o prazo de dita consulta en 15 días naturais, contados dende a data de inserción da mesma na páxina web do Concello de Monforte de Lemos, sendo con carácter xeral os destinatarios da consulta pública os cidadáns afectados, en concreto as persoas físicas empadroadas en Monforte de Lemos, así como as

organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

3º- A consulta faise coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que deberán poñerse á súa disposición os documentos necesarios, que serán claros, concisos e reunir toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.

4º.- Aprobar o contido da consulta pública previa segundo o anexo que se achega.

5 º.- Ordenar a súa publicación no portal web do Concello de Monforte de Lemos."

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén Dª Pilar Espinosa Novelle dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que unha vez que se chegou a un acordo a todos os grupos representantes no parlamento, di que non van votar distintos. Di que agora mesmo se ten un servizo, cando se traspasan as competencias en materia de sanidade á Xunta, pero hai que ser cautos porque económicamente para o Concello é un alivio, fala de que se ten un centro de drogodependencias, unha vez que isto estea en mans da Xunta de Galicia, que isto non se peche ou se fagan recortes. Di que van votar a favor, como da moción que traen.

Intervén D. Jaime Gérman di que van votar a moción quepresentan porque sinala que é mellor que estean transferidos ao Sergas, aquí de verá ser a Xunta a que se faga cargo dos asuntos sanitarios.

Intervén Dª Katherinie Varela di que o Grupo popular ten coñecemento que se chegou a un acordo, di que van votar a favor, dicir que teñen coñpecemento de que hai vontade de solucionar este asunto, tamén dicir que hai parte da financiación da Xunta, igual non suficiente, igual habería que estudiar máis financiación para este servizo, o importante é que se está de acordo neste asunto. Amosa o seu apoio a esta moción.

Intervén Dª Pilar Espinosa di que si que comentou que a Xunta financia ba a parte dos traballadores que traballan. Di que vai dar lectura ao manifesto da rede de tratamento de condutas aditivas. Di que os profesionais sanitarios teñen unha labor moi importante porque son pacientes moi difíciles que ademáis hai que tratar nun contrexto non so unipersonal senón familiar, hai que apoialos o máximo posible, e pensa que o Sergas pode apoialo moitísimo máis.

Intervén o Sr. Alcalde que no pasado mandato se contituíu un grupo de traballo na FEGAMP o tema é que non avanzan os traballos e por iso se trae esta moción, xa que o importante é que avancen os traballos.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

8º.- ACEPTACIÓN DO ENCARGO TESTAMENTARIO E APROBACIÓN DOS ESTATUTOS PARA A POSTERIOR CONSTITUCIÓN DA "FUNDACIÓN FOGGIA G. VÁZQUEZ".

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro abstencións do concelleiro e concelleira do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

"Esta Alcaldía quere dar solución á situación creada polas disposicións testamentarias que dona María Lucrecia Lilia Foggia Vázquez realizou sobre a constitución dunha Fundación coa finalidade da posta en funcionamento dun Centro de día para anciáns moi necesitados, sen recursos económicos, sen familia e sen saúde, con base na súa vontade testamentaria, manifestada no testamento outorgado ante o Notario de Madrid, don Francisco José de Lucas e Cadenas, con data 3 de xuño de 2008, con número de protocolo 1321. En relación con devandito asunto, consta no expediente administrativo o seguinte:

I.- *Mediante testamento outorgado ante o Notario de Madrid, don Francisco José de Lucas e Cadenas, con data 3 de xuño de 2008, co número de protocolo 1321, dona María Lucrecia Lilia Foggia Vázquez, instituye herdeira universal de todos os seus bens a unha Fundación que ha de crear o Concello de Monforte de Lemos coa finalidade da posta en funcionamento dun Centro de día para anciáns moi necesitados, sen recursos económicos, sen familia e sen saúde.*

II.- *En devandito testamento dona María Lucrecia Lilia Foggia Vázquez, designa albaceas testamentarios, en número de seis, mancomunados de dous en dous.*

III.- *Na cláusula Primeira do testamento establécese que a Sra. Foggia Vázquez "Instituye herdeira universal de todos os seus bens, dereitos e accións a unha Fundación que o Concello de Monforte de Lemos (Lugo) co patrimonio da testadora deberá constituír coa finalidade de crear unha residencia de día para anciáns moi necesitados, sen recursos económicos sen familia e sen saúde (é dicir afectados dalgunha enfermidade severa). A Fundación terá como nome "Fundación Foggia V. García"*

IV.- *Consta no expediente informe emitido pola entidade "Asesores ADADE", con data 20 de outubro de 2017.*

V.- *Consta no expediente informe do Secretario Xeral de Concello de Monforte de Lemos, de data 7 de marzo de 2018, emitido polo Sr. Secretario Xeral do Concello naquel momento, don José María Baños Campo.*

VI.- *Os albaceas testamentarios, segundo consta na documentación que obra no expediente, renunciaron aos seus cargos e un deles, ao menos, esta falecido, polo que na actualidade só un dos albaceas designados estaría en posición de exercer o cargo, pero debido ao carácter mancomunado do nomeamento, iso determina a*

imposibilidade de que poida exercer as súas funcións. Polo tanto, na actualidade non existen albaceas que poidan exercer as funcións que a lei lles atribúe.

VII.- *Consta no expediente informe, de data 16 de abril de 2021, emitido polo Sr. Secretario Xeral de Concello, intervenido e conformado polo Interventor Municipal.*

VIII.- *É intención desta Alcaldía que os monfortinos e monfortinas teñan a maior cobertura social, en especial aqueles cuxa situación é máis vulnerable e por iso estima que calquera servizo que sexa prestado para paliar as situacións en que se atopan é beneficioso para a poboación en xeral.*

Igualmente é consciente esta Alcaldía de que a competencia en materia de prestación de servizos sociais é unha competencia claramente autonómica e que a competencia municipal neste campo limítase á recollida no art 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, en relación con servizos de benestar social recolle que a competencia municipal limítase á "evaluación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social".

Por iso non se axustaría á normativa e procedería que por parte do Concello de Monforte de Lemos procedésese á implantación dunha infraestrutura que habería de materializarse en exercicio das competencias municipais das denominadas " distintas das propias", co procedemento, requisitos e limitacións recollidos na lexislación vixente.

Non obstante a disposición testamentaria da Sra. Foggia encomenda ao Concello a constitución dunha Fundación privada, sen ánimo de lucro, á que constitúe herdeira universal de todos os seus bens. Devanditos bens están relacionados no propio testamento e, pola súa calidade e cantidade, sería un desperdicio non dedicalos á finalidade prevista pola testadora que, en efecto, é unha finalidade que redunda no interese de todos/as os habitantes do municipio.

Concretado no informe do Sr. Secretario Xeral, de data 16 de abril de 2021, que:

- *non estamos ante un suposto de prestación dun servizo público municipal,*
- *o Concello de Monforte de Lemos non é instituído herdeiro pola Sra. Foggia*
- *a única obriga que asume o Concello é a constitución material dunha Fundación, momento no cal a vinculación co Concello extínguese e pasará a funcionar de forma autónoma coas decisións que se adopten polo Padroado da mesma e baixo o Protectorado do órgano competente da Xunta de Galicia.*
- *o feito de que a presidencia sexa do Alcalde de Monforte de Lemos, cargo que previamente haberá de ser aceptado como o resto dos patróns, en ningún caso determinaría a asunción por parte do Concello de obrigación de ningún tipo*

Por todo elo considérase que o feito de que se constitúa dita Fundación é interesante para o noso municipio pola súa propia finalidade.

Polo anteriormente exposto ***PROPOÑO****, que polo Pleno do Concello de Monforte de Lemos se adopten os seguintes acordos:*

PRIMEIRO.- *Aceptar o encargo feito por dona María Lucrecia Lilia Foggia Vázquez manifestado no testamento outorgado ante o Notario de Madrid, don Francisco José de Lucas e Cadenas, con data 3 de xuño de 2008, con o número de protocolo 1321, relativo á constitución da "Fundación Foggia V. García"*

SEGUNDO.- *Proceder, previos os trámites procedimentales necesarios. de acordo co disposto na Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de interese galego, e no Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de interese galego, á constitución de dita Fundación*

TERCEIRO.- *Aprobar polo Pleno os Estatutos, que se xuntan, da "Fundación Foggia V. García"*

CUARTO.- *Acordar que, unha vez constituida e rexistrada no Rexistro de Fundacións de interese galego a "Fundación Foggia V. García", deixará de existir relación algunha co Concello, salvo no que se refiere a presidencia da mesma.*

QUINTO.- *Elevar, dacordo co disposto no art. 11 a Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de interese galego, a escritura pública a constitución da Fundación que haberá de conter os extremos citados en devandito artigo, momento no cal se entenderá cumprido o mandato do a Sra. Foggia e no cal será o Patroato da Fundación o encargado da xestión da mesma, correspondéndolle o Protectorado ao departamento da Xunta de Galicia que teña atribuídas as competencias correspondentes aos fins da Fundación, de acordo co disposto no art. 47 do citado corpo legal.*

SEXTO.- *Proceder á inscrición da "Fundación Foggia V. García", no Rexistro de Fundacións de interese galego, nos termos e cos requisitos esixidos nos arts. 52 e seguintes da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de interese galego."*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Ibán Torres dando lectura á proposta formulada pola Alcaldía.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que ten claro que o Concello que o única función que ten e botar a andar a fundación e nada máis. Pero neste aspectos os informes son contraditorios, uns, hai tres informes, outro do anterior secretario, dunha empresa externa. Di que esto leva xa tempo dende o último informe do 2017, gustaríalle saber porque non foi axilizado antes. Dique vai pedir ao presidente da cámara, pedir que esta proposta quede riba da mesa, para chegar a un bo acordo, segundo estivo esperando ven pode esperar un mes máis, deberían ter máis información. Di que nos estatutos aparecen claramente limitado en función do que deixou a testadora, se estes renuncian, ao mellor hai que modificar os estatutos. Gustaríalle que non esta claro que este albacea non teña a súa capacidade, aquí non quere como dixo antes na anterior moción, as presas non son boas, isto de presa ten pouco porque xa ven do 2016. O albacea ten a obriga que se cumpra a vondade da persoa que faleceu. Cre que para velar por ese testamento desa persoa se debe chegar a un acordo.

Intervén D. Jaime Germán fala sobre a abstención deste acordo. Visto tanto o testamento e os estatutos, di que non poden votar a favor deste punto, deberíase saber quén é o notario, se se puxeron en contacto con novo xuiz, co novo forense. Non se debería ningunear ao albacea que foi o único en levar adiante este tema.

Intervén Dª Katherinie Varela dicindo que por un lado cren que se debe cumprir a última vontade desta muller. Di que lles es complicado votar a favor, por varios motivos, existe un albacea, sen embargo, hai outras dotrinas, opinan que neste caso serio o exercicio mancomunado, porque a vontade desta muller é que haxa un albacea. Fala de que o albacea requeriu por escrito que este tema se deixe sobre a mesa. Di que lles falta información, entenden que nos estatutos deben de quedar claro, o tempo que durarán no cargo, preocúpalle que en caso de que non acepten que vai pasar, non din que teñen pensando se estas persoas denuncias. Un estatuto é algo que cambia perfectamente durante o tempo. Falta a valoración económica, que debe realizar a albacea. Di que para aprobar uns estatutos se debe ter máis información por parte do Concello. Votar en contra sería votar en contra ao que quere esta muller quere no seu testamento. Fala de que se levan 6 anos, e agora de repente se aproban estatutos sen que o albacea faga o seu cometido de valoración económica.

Intervén D. Ibán Torres di que non está de acordo de que labor da albacea, concluíu. Dende o momento do falecemento os albaceas tiveron tempo de facer o que requeriu a Sra. Foggia. Cando se empezan a recibir declarcóns de diversos intersados, o calcalde toma a decisión, polo que se require informe á Secretaria Xeral, o Concello non ten ningunha obrigación. Eles non fixeron co Concello coas actuacións que realizaron, cando o Concello está en disposición de facelo comenzan os problemas. Por todo elo o pasado mércores houbo unha reunión, co albacea. A única pretensión era que non fora debatido no pleno. O albacea manifestou que tiña coñecemento dos estatutos que llos facilitara a anterior concelleira "Doña Maribel".

Intervén D. Emilio José di que hai que utilizar o sentido común, di que todos están de acordo que se fagan as cousas ben, simplemente que eles non van votar en contra, el pide que quede riba da mesa por falta de información, di que é mellor esperar un mes que o propio albacea remate nun proceso xudicial. O albacea o único que ten que facer é velar porque se cumpra co testamento. Di que hai cousas que son difíciles de levar a cabo, a ubicación, o resto que se poda facer arranxalo do mellor xeito posible.

Intervén D. Jaime Germán di que isto ven do anterior mandato, porque non se fixo antes. O Concello púxicose en contacto co albacea, o albacea pode impugnar este acordo. Se o que vai haber son problemas xurídicos, non o entende.

Intervén DªKatherinie Varela di que non pode evitar facer unha referencia sobre esas ameazas de sanción porque alguén comparte información do pleno, tanto teñen que ocultar que lles molesta que saquen a colación que o albacea conseguiu os estatutos. A que ven ese oscurantismo? Aquí os Concellos se tratan temas

importantes para a cidadanía pero como non queren vostedes que saiban as cousas. É moi preoucpante que se teña un equipo de goberno tan oscuro.

Intevén D. Ibán Torres di que non é correcto a forma de proceder. Di que el pode seguir falando que no ano 2016. A que fai acusacións á lixeira, non lle parece correcto son expedientes municipais non se reparten aos paisanos, é darlle o rigor de tramitación aos asuntos.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que antes de tomar esta decisión non soamente se consultou ao Secretario, senón que tamén consultaron a notarios, que coincidían coa forma de ver as cousas. Os albaceas polo que lles parece e polo que lles din os asesores, rematan a súa función no momento de constituir a fundación, neste caso e en todos os casos, outra cousa que haxa algún que queira seguir en certos escenarios, pero iso non está contemplado na norma, a partir de ir o responsable é o padroado e polo tanto a vontade da testamentaria. En todo caso retrasouse porque o informe anterior non era favorable. Di que algúns cargos que vostedes citan que a testamentaria dicía que foran patronos, incluso parece que podían ser incompatibles co feito de ser patronos desta fundación, respectan a opinión da albacea, pero teñen que facer caso ao que teñen que facer caso. A testadora non fala dos albaceas ao padroado. Dille a Dª Katherinie acusar a este goberno de oscurantista que foi unha licenza excesiva que se permitiu, digan qué casos, e digan que transparentes foron outros. O que trataba dicir o Sr. Torres que cando un trata documentos oficiais, non hai oscurantismo cero, alguén debería ser máis cauteloso á hora de facilitar documentos. Falan de se poden haber denuncias,se isto non é legal pódese recurrir o acordo do pleno e poden anular, dende logo non toman unha decisión que non é legal, senón que é correcta e está ben tomada. Que un albacea queira xogar un papel que non lle corresponde non é o adecuado.

Sometido a votación a proposta de D. Emilio José Sánchez de deixar riba da mesa a proposta rexeitándose por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do grupo Municipal Socialista e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

9º.- APROBACIÓN DO PLAN DE REGULARIZACIÓN DA OCUPACIÓN DE TERREOS CON INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS. (DEPÓSITOS DO CORNADO E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS E MIRADOR DO DUQUE). DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro abstencións do concelleiro e concelleira do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

"INFORME SECRETARIO XERAL SOBRE REGULARIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE TERREOS CON INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (DEPÓSITOS DO CORNADO E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS E MIRADOR DO DUQUE).

Examinado o informe da Secretaría Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:

"1º.- Con data 12 de abril do 2021 o Enxeñeiro Técnico Forestal D. José Mariño Méndez presenta os proxectos de "Regularización da ocupación de terreos con instalacións municipais do Concello de Monforte de Lemos, no"Mirador do Duque" e nos "Depósitos do Cornado e instalacións complementarias".

2º.- Existe certificación desta Secretaría Xeral acreditativa que no inventario de bens non figuran os terreos sobre nos que se asentan as instalacións municipais citadas no punto anterior.

3º.- Consta ficha catastral, que figura no apartado 1 do anexo do Proxecto de regularización da ocupación de terreos con instalacións municipais do Concello de Monforte de Lemos, en relación ao terreos sobre os que asenta o "Mirador do Duque", que a titularidade correspóndelle a:

Ref. catastral	*Municipio*	*Titular*
27031A16100008	*MONFORTE DE LEMOS*	*MVMC DE SAN PEDRO DE BAÑOS Y PALLEIROS*

4º.- Consta ficha catastral que figura no apartado 1 do anexo do Proxecto de regularización da ocupación de terreos con instalacións municipais do Concello de Monforte de Lemos, en relación aos terreos sobre os que asentan os "Depósitos do Cornado e instalacións complementarias", que a titularidade correspóndelle a:

Ref. catastral	*Municipio*	*Titular*
27031A03300089	*MONFORTE DE LEMOS*	*MONTE COMUNAL O CORNADO-REIGADA*
27031A03300473	*MONFORTE DE LEMOS*	*ISABEL CASANOVA GONZÁLEZ*
27031A03300474	*MONFORTE DE LEMOS*	*EN INVESTIGACIÓN*
27031A03300478	*MONFORTE DE LEMOS*	*HROS. MARÍA LUZ VILA RODRÍGUEZ*
27031A03300479	*MONFORTE DE LEMOS*	*MERCEDES QUIROGA MARTÍNEZ*
27031A03300480	*MONFORTE DE LEMOS*	*HROS. AMALIA RODRÍGUEZ PARDO*
27031A03300481	*MONFORTE E LEMOS*	*HROS. AMADOR ÁLVAREZ PÉREZ*
27031A03300482	*MONFORTE DE LEMOS*	*HROS. DAVID LAMAS ÁLVAREZ*
27031A03300483	*MONFORTE DE LEMOS*	*HROS. MATILDE CASTRO MARTÍNEZ*

27031A03300484	*MONFORTE DE LEMOS*	*HROS. JOSÉ VARELA GONZÁLEZ*
27031A03300491	*MONFORTE DE LEMOS*	*LUIS CASANOVA GONZÁLEZ*
27031A03300782	*MONFORTE DE LEMOS*	*MVMC CORNADO E SAN ROQUE*
27031A03309000	*MONFORTE DE LEMOS*	*NO CONSTA*

5º- A Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, en relación cos requisitos previos á expropiación forzosa, establece, no seu artigo 9, que "para proceder á expropiación forzosa será indispensable a previa declaración de utilidade pública ou interese social do fin a que haxa de afectarse o obxecto expropiado.

O artigo 10 do citado corpo legal establece que "a utilidade pública enténdese implícita, en relación coa expropiación de inmobles, en todos os plans de obras e servizos do Estado, Provincia e Municipio.

6º.- O artigo 10 do Real Decreto de 26/04/1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, pola súa banda, no que se refire á declaración de utilidade pública e interese social previa á expropiación forzosa, sinala que "a declaración de utilidade pública e interese social a que se refire o artigo 9 da Lei levará consigo a autorización para expropiar os bens ou dereitos necesarios para a realización das obras ou o establecemento dos Servizos".

O artigo 11 do citado Real Decreto de 26/04/1957 ó regular a declaración de utilidade pública respecto de bens inmobles previa á expropiación forzosa dispón que "si os bens obxecto da expropiación fueren inmuebles, a declaración de utilidade pública deberá facerse mediante lei aprobada en Cortes".

Non obstante o apartado 2 do citado artigo dispón que "non será necesaria a promulgación dunha lei formal nos seguintes casos:

a) Cando se trate de obras e servizos comprendidos nos plans do Estado, Provincia ou Municipio, aprobados cos requisitos legais nos que se entenderá implícita aquela declaración.

b) A realización concreta dos plans do Estado deberá ser acordada por orde ministerial, e os da Provincia ou Municipio, polos organismos competentes."

Con base no anteriormente exposto procede, que polo Pleno do Concello de Monforte, se adopten os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Proceder á aprobación do Plan de regularización da ocupación de

terreos con instalacións municipais "Mirador do Duque" de referencia catastral 27031A16100008. 27031A03300473. 27031A0330047. 27031A03300478. 27031A0330047. 27031A0330048. 27031A03300481. 27031A03300482. 27031A03300483. 27031A03300484. 27031A03300491. 27031A03300782. 27031A03309000.

MIRADOR DO DUQUE

SUPERFICIE CATASTRAL 4.806,92 M2

SEGUNDO.- Proceder á aprobación do Plan de regularización da ocupación de terreos con instalacións municipais "Depósitos do Cornado e instalacións complementarias" de referencia catastral 27031A03300089.

DEPÓSITOS DO CORNADO E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS

SUPERFICIE CATASTRAL 19.684,89 M2

No Plan de regularización prevese o seguinte:

-As instalacións contempladas, en relación cos depósitos dos Cornado e instalacións complementarias, refírense aos depósitos de auga e as instalacións complementarias a estos, existentes nas ubicacións do Cornado Baixo (1 depósito, caseta bombeo, arquetas, ...) e Cornado Alto (2 depósitos, arquetas...), xunto coa canalización de auga e sinal de comunicación que conectan ambas ubicacións entre sí e a primeira delas coa parcela da Estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Monforte de Lemos, situada a uns 150 metros ao oeste do Cornado Baixo.

-As instalacións contempladas, en relación ao Mirador do Duque son o aparcamento máis unha franxa de terreo arredor deste para cubrir as necesidades futuras da área dotacional e a correcta xestión das faixas de control da biomasa.

TERCEIRO.- A aprobación do Plan de de regularización da ocupación de terreos con instalacións municipais no "Mirador do Duque" e o Plan de regularización da ocupación de terreos con instalacións municipais nos "Depósitos do Cornado e instalacións complementarias", de acordo co disposto no artigo 10 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, leva implícita a declaración de utilidade pública, en relación coa expropiación dos bens que nos ocupan. .

En Monforte de Lemos, asinado na data da sinatura dixital.

O SECRETARIO XERAL Intervenido e conforme. O Interventor ".

Polo que vai dito e, en base ao mesmo, proponse que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Proceder á aprobación do Plan de regularización da ocupación de terreos con instalacións municipais "Mirador do Duque" de referencia catastral 27031A16100008. 27031A03300473. 27031A0330047. 27031A03300478.

27031A0330047. 27031A0330048. 27031A03300481. 27031A03300482. 27031A03300483. 27031A03300484. 27031A03300491. 27031A03300782. 27031A03309000.

MIRADOR DO DUQUE

SUPERFICIE CATASTRAL 4.806,92 M2

SEGUNDO.- Proceder á aprobación do Plan de regularización da ocupación de terreos con instalacións municipais "Depósitos do Cornado e instalacións complementarias" de referencia catastral 27031A03300089.

DEPÓSITOS DO CORNADO E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS

SUPERFICIE CATASTRAL 19.684,89 M2

No Plan de regularización prevese o seguinte:

-As instalacións contempladas, en relación cos depósitos dos Cornado e instalacións complementarias, refírense aos depósitos de auga e as instalacións complementarias a estos, existentes nas ubicacións do Cornado Baixo (1 depósito, caseta bombeo, arquetas, …) e Cornado Alto (2 depósitos, arquetas…), xunto coa canalización de auga e sinal de comunicación que conectan ambas ubicacións entre sí e a primeira delas coa parcela da Estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Monforte de Lemos, situada a uns 150 metros ao oeste do Cornado Baixo.

-As instalacións contempladas, en relación ao Mirador do Duque son o aparcamento máis unha franxa de terreo arredor deste para cubrir as necesidades futuras da área dotacional e a correcta xestión das faixas de control da biomasa.

TERCEIRO.- A aprobación do Plan de de regularización da ocupación de terreos con instalacións municipais no "Mirador do Duque" e o Plan de regularización da ocupación de terreos con instalacións municipais nos "Depósitos do Cornado e instalacións complementarias", de acordo co disposto no artigo 10 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, leva implícita a declaración de utilidade pública, en relación coa expropiación dos bens que nos ocupan. "

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que cando o catastro regularizou diferentes instalacións diversos veciños lles pasaban o IBI. O Concello atoparon tanto o Cornado Alto e Cornado Baixo e o Mirador do Duque estaban en terreos que nunca foron adquiridos polo Concello para as súas instalacións o que se trae aquí para regularizar esta situación. Nin sequera os camiños de acceso ao Cornado son públicos. Para adquirir os terreos nos que están ubicados os terreos onde están ubicados o mirador do duque e os depósitos do Cornado así como os accesos.

Unha vez adquiridos ao titularidade municipal e aos veciños que non reclamen ese IBI e ademáis reciban unha compensación pola adquisición deses terreos.

Intervén D. Emilio José di que este asunto foi tratado no ano 2018-2019. Falaron da titularidade, e polo tanto agardan que con este trámite se solucione iso, e se chegue a un acordo cos titulares.

Intervén Dª Katherinie Varela di que se van abster porque no npunto se inclúe o mirador do duque e descoñecen como están os terreos.

Intervén o Sr. Alclade dicindo que a situación do mirador do duque di que a mesma que a de Ribasaltas, Cornado. Regularizar unha situación que eses terreos pasen a ser de titularidade municipal.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

10º.- DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA, SOBRE PROCEDEMENTO DE NULIDADE DE PLENO DEREITO DO CONVENIO SUBSCRITO ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A TRANSFERENCIA DA TITULARIDAE DE VARIOS TRAMOS DA REDE ESTATAL DE ESTRADAS NO MUNICIPIO DE MONFORTE DE LEMOS (N-120A E DA CONEXIÓN ENTRE A N-120A E A NOVA N-120). REMISIÓN AO CONSELLO DE ESTADO.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro abstencións do concelleiro e concelleira do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:
"DESESTIMACIÓN ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDADE E AXENDA URBANA

Examinado o informe da Secretaría Xeral desta data, do tenor literal seguinte:

"En base ó disposto no artigo 174.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e 79 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, emítese o seguinte informe.

Antecedentes administrativos

1º.- O Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de novembro do 2020, adoptou entre outros o seguinte acordo:

"4º.-INICIO DO PROCEDEMENTO DE REVISIÓN DE OFICIO DE ACTO NULO DO CONVENIO SUBSCRITO ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A TRANSFERENCIA DA TITULARIDAE DE VARIOS TRAMOS DA RED ESTATAL DE ESTRADAS NO MUNICIPIO DE MONFORTE DE LEMOS (N-120A E DA CONEXIÓN ENTRE A N-120A E A NOVA N-120A).

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as

do grupo municipal do PP e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

"Analizado informe emitido por el Secretario General del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, del tenor literal siguiente:

"En cumplimiento de lo ordenado por la Alcaldía, mediante Providencia de fecha 18 de noviembre, y de lo establecido en el artículo 3.3 a) del Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula el Régimen Jurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito el siguiente informe,

Antecedentes:

ÚNICO.- Convenio firmado con fecha 17 de octubre de 2009 entre el Ministerio de Fomento y el Ayuntamiento de Monforte de Lemos para la transferencia de varios tramos de las carreteras N-120A y de la conexión entre la N-120A y la nueva N-120.

CONSIDERACIONES JURÍDICAS

PRIMERA.- El procedimiento de revisión de oficio tiene como finalidad expulsar del ordenamiento jurídico los actos y las disposiciones administrativas que se encuentran viciados de nulidad plena, por cualquiera de las causas recogidas en el artículo 47.1 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas. Asimismo, únicamente será susceptible de depuración a través de la figura de la revisión de oficio los actos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo.

El procedimiento para acordar la nulidad de pleno derecho se regula en el artículo 106 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

El artículo 110 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, establece los límites referidos a la capacidad revisora de la administración.

Por la presente se ha sometido a informe jurídico la procedencia de revisar la suscripción del convenio entre el Ministerio de Fomento y el Ayuntamiento de Monforte de Lemos para la transferencia de titularidad de varios tramos de la red estatal de carreteras en el municipio de Monforte de Lemos, al verificarse defectos que pudieran encajar en el supuesto del art 47.1 e) relativo a la omisión del procedimiento legalmente establecido en la producción del acto administrativo.

SEGUNDA.- La Legislación aplicable es la siguiente:

- *Los artículos 47.1, 106, 108 y 110 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.*

- *Los artículos 4.1.g), 22.2.j) y k), 53, 63.1.b) y 110 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.*
- *Los artículos 12.f) y 24.1 de la Ley 3/2014, de 24 de abril, del Consello Consultivo de Galicia.*

TERCERA.- Las Administraciones Públicas, en cualquier momento, por iniciativa propia o a solicitud de interesado, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, si lo hubiere, declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 47.1 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

La competencia para la revisión de oficio de actos nulos corresponde al Pleno del Ayuntamiento por aplicación analógica de los artículos 110 y 22.2.j) de la Ley 7/1985. Esta teoría entiende que de una interpretación sistemática de los artículos 21 y 22 de la Ley 7/1985 cabe entender que si para la declaración de lesividad de actos anulables la competencia es del Pleno (22.2.k), correspondiendo la iniciativa al Alcalde (artículo 21.1.l) la revisión de oficio de actos nulos de pleno derecho debe someterse al mismo régimen, pues en otro caso se produciría una asimetría inaceptable; y más cuando el artículo 22.2.j), indica que corresponde al Pleno el ejercicio de las acciones administrativas y judiciales.

CUARTA.- El artículo 106 de la Ley 39/20015, de 1 de octubre del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, en relación con la revisión de disposiciones y actos nulos, establece que "las Administraciones Públicas, en cualquier momento, por iniciativa propia o a solicitud de interesado, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, si lo hubiere, declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 47.1.
Por su parte el art. 47 del citado cuerpo legal al regular la nulidad de pleno derecho, dispone que:

1. Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes:

b) Los dictados por órgano manifiestamente incompetente por razón de la materia o del territorio.

…….

e) Los dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido o de las normas que contienen las reglas esenciales para la formación de la voluntad de los órganos colegiados.

Analizados los antecedentes obrantes en la Secretaría General del Ayuntamiento de Monforte de Lemos y, en especial las actas de las sesiones plenarias de las anualidades de 2008 y de 2009, se ha constatado que el Pleno no adoptó ningún acuerdo, en relación con el convenio que nos ocupa, siendo el órgano competente con base en lo dispuesto en el art. 22 de la Ley 7/1985, de 2 de abril reguladora de las bases del régimen local.

Igualmente se ha constatado, una vez revisada la documentación obrante en esta Secretaría, que no se ha tramitado expediente alguno para la adopción del acuerdo que sustente el convenio que nos ocupa.

Por ello podríamos estar ante un supuesto de nulidad de pleno derecho por las causas recogidas en el art. 47, apartados b) y c) de la citada Ley 39/2015, de 1 de octubre.

QUINTA.- Cuando el procedimiento se hubiera iniciado de oficio, el transcurso del plazo de seis meses desde su inicio sin dictarse resolución producirá la caducidad del mismo. Si el procedimiento se hubiera iniciado a solicitud de interesado, se podrá entender la misma desestimada por silencio administrativo.

SEXTA.- El procedimiento para llevar a cabo la revisión de oficio de un acto nulo es el siguiente:

A. Puesta en conocimiento de la Corporación la posibilidad de que un acto administrativo esté incurso en causa de nulidad de pleno Derecho por concurrir alguna de las circunstancias del artículo 47.1 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, el Pleno previo Dictamen de la Comisión Informativa correspondiente, acordará el inicio del expediente de revisión de oficio, suspendiendo, en su caso, la ejecución del acto cuando pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.

B. Iniciado el procedimiento, se dará trámite de audiencia a los interesados por plazo de quince días para que aleguen y presenten los documentos y justificaciones que estimen pertinentes.

C. Finalizado el trámite de audiencia a los interesados y, en su caso, el periodo de información pública, las alegaciones que hayan podido presentarse deberán ser informadas por los Servicios Técnicos Municipales.

D. Tras dicho informe, se emitirá propuesta debidamente informada, que se elevará al Pleno y de hacerla suya solicitará Dictamen preceptivo del Consello Consultivo de Galicia.

El Consello Consultivo deberá resolver las consultas en el plazo de un mes, a partir del momento de la recepción de la solicitud, y, transcurrido este plazo, se entenderá que no existe objeción alguna a la cuestión planteada. Cuando en la orden de remisión del expediente se hiciese constar motivadamente la urgencia del dictamen, el plazo será de quince días, Todo ello de conformidad con el artículo 24 de la Ley 3/2014, de 24 de abril, del Consejo Consultivo de Galicia.

E. Recibido el Dictamen favorable del Consello Consultivo de Galicia, y en función de su contenido, se resolverá el Acuerdo del Pleno, previo Dictamen del Consello Consultivo, citado.

F. El Acuerdo del Pleno será notificado a los interesados"
Con base en el citado informe PROPONGO, que el Pleno del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, adopte los siguientes acuerdos:

PRIMERO.- Iniciar procedimiento para la revisión de oficio del acto consistente en la suscripción del convenio Convenio firmado con fecha 17 de octubre de 2009 entre el Ministerio de Fomento y el Ayuntamiento de Monforte de Lemos para la transferencia de varios tramos de las carreteras N-120A y de la conexión entre la N-120A y la nueva N-120 al constar defectos en la tramitación que implicarían haber prescindido total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido y pudiendo haber sido dictado por órgano manifiestamente incompetente, por razón de la materia.

SEGUNDO.- Notificar el inicio del procedimiento a los interesados para que en el plazo de quince días, presenten las alegaciones y sugerencias que consideren necesarias.

TERCERO.- Dar traslado del expediente, una vez finalizado el trámite de audiencia, a los interesados, a los Servicios Municipales para que informen, en su caso, sobre las alegaciones presentadas.

CUARTO.- Remitir el expediente a la Secretaría, tras el informe técnico, para la emisión del informe relativo a la propuesta de resolución

QUINTO.- Elevar la propuesta al Pleno, que de hacerlo suyo, solicitará Dictamen del Consello Consultivo de Galicia, adjuntando la propuesta de resolución.

SEXTO.- Recibido el Dictamen del Consello Consultivo de Galicia, dado el carácter preceptivo y vinculante del mismo, elevar el mismo al Pleno para la adopción del acuerdo definitivo."

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e cinco abstencións dos concelleiros/as do Grupo Mixto e dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular."
Consta a notificación ós interesados deste acordo.

2º.- O 15/01/2021 con RE 687 teñen entrada alegacións contra o acordo presentadas polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Subdirección Xeral de Explotación.

Lexislación aplicable.

—Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administracións Públicas.
—Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
—Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Consideracións xurídicas.

Primeira.- A presentación de alegacións polo Ministerio de transportes, mobilidade e axenda urbana, obríganos ao seu estudio e resolución.

Segundo a sistemática das alegacións presentadas iremos dando resposta ás mesmas.

Comezan as alegacións, que nos ocupan, indicando que o acordo remitido carece de documentación e que non se aclara a pretensión municipal, pois din non comprender se se busca a nulidade do Convenio ou do acto de subscrición do mesmo.

O respecto baste dicir que o acordo do pleno, en sesión de data 30/11/2020 di textualmente:

"PRIMERO.- Iniciar procedimiento para la revisión de oficio del acto consistente en la suscripción del convenio Convenio firmado con fecha 17 de octubre de 2009 entre el Ministerio de Fomento y el Ayuntamiento de Monforte de Lemos para la transferencia de varios tramos de las carreteras N-120A y de la conexión entre la N-120A y la nueva N-120 al constar defectos en la tramitación que implicarían haber prescindido total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido y pudiendo haber sido dictado por órgano manifiestamente incompetente, por razón de la materia."

Polo que non queda dúbida algunha de que se ataca o acto de subscrición do convenio, para o cal non consta acreditada súa debida tramitación, conforme ó procedemento legalmente establecido, como a formación e expresión da vontade do órgano competente para adoptar tal decisión, o pleno da corporación, pois como se indicaba no informe de secretaria obrante no expediente, de data 20/11/2020:

"Analizados los antecedentes obrantes en la Secretaría General del Ayuntamiento de Monforte de Lemos y, en especial las actas de las sesiones plenarias de las anualidades de 2008 y de 2009, se ha constatado que el Pleno no adoptó ningún acuerdo, en relación con el convenio que nos ocupa, siendo el órgano competente con base en lo dispuesto en el art. 22 de la Ley 7/1985, de 2 de abril reguladora de las bases del régimen local.

Igualmente se ha constatado, una vez revisada la documentación obrante en esta Secretaría, que no se ha tramitado expediente alguno para la adopción del acuerdo que sustente el convenio que nos ocupa.

Por ello podríamos estar ante un supuesto de nulidad de pleno derecho por las causas recogidas en el art. 47, apartados b) y c) de la citada Ley 39/2015, de 1 de octubre."

Unha vez aclarado isto, estamos a responder implicitamente a segunda das alegacións presentadas, na que se di que o Concello de Monforte de Lemos non é quen de declarar a nulidade do convenio, pois entende o Ministerio, a través da súa Subdirección Xeral de Explotación que a pretensión de nulidade do convenio é contraria ó disposto polo artigo 1256, cando este establece:

"La validez y el cumplimiento de los contratos no pueden dejarse al arbitrio de uno de los contratantes."

Na súa argumentación o Ministerio, a través da súa subdirección Xeral de Explotación esquece ou obvia, inadvertida ou motivadamente, un dos principios de toda a actividade administrativa, como é a vinculación positiva das administracións á lei, expresión máxima do principio de legalidade que debe presidir a actividade administrativa e institucional, de xeito que se os cidadáns poden facer todo aquelo que a lei non prohibe, as administracións públicas solo poden levar a cabo aquelo que a les lles permite e para o que a lei lles outorga competencia.

Deste modo o pretender revisar este Concello a corrección e validez do acto de subscrición pola alcaldía do convenio que nos ocupa, isto é o que se está a protexer. Sen esquecer que de producirse nulidade no outorgamento do consentimento municipal, esta afectaría a validez do convenio por faltar, nese suposto, un dos seus elementos principais.

O mesmo ocorre coas alegación número 3, 4 5 e 6, que nos ocupan, pois como xa se dixo o que pretende este Concello é á revisión de oficio do acto de firma do convenio pola alcaldía, no seu momento, ostentada por don Severino Rodríguez Díaz, que supuxo aceptar a transferencia a este municipio da titularidade da vía en determinados tramos, acto para o que non estaba facultada a alcaldía, pois é de competencia de Pleno.

Ao exposto debemos engadir que, ó non constar nin acordo de pleno facultando á alcaldía para firma do convenio que nos ocupa nin o expediente que se deberá tramitar a tal fin, obviamente atopamonos nun suposto de nulidade de pleno dereito, polas causas recocidas no art. 47, apartados b) y c) de la citada Lei 39/2015, de 1 de outubro.

En canto a certificación do acordo de pleno de data 29 de abril do 1994 ao que se fai referencia nas alegacións e que di que consta no expediente do Ministerio, comprobado o libro de actas das sesión celebradas polo Pleno da Corporación que inclúe as actas dos plenos celebrados entre o 19 de setembro de 1993 e 26 de marzo de 1997, figura no folio 34, un acordo adoptado en sesión ordinaria de corporación en pleno, celebrada o día 29 de abril de 1994 do tenor literal seguinte:

"PROXECTO DA RÚA DE OURENSE
Queda enterado o Pleno de Orde de redacción do proxecto de fresado e reposición do firme, nonha lonxitude de 2.000 metros, da estrada N.-120, p.k. 522 ao 524, no tramo de Monforte, coincidente coa rúa de Ourense.

Acórdase por unanimidade poñer a disposición do MOPT os terreos necesarios para esta obra, así como comprometerse a que o Concello se faga cargo da travesía, unha vez que rematen as obras previstas"

Únese ó presente, como documento nº 1 certificado e copia compulsada da páxina do libro de actas en cuestión.

En definitiva as alegacións presentadas polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a través da súa Subdirección Xeral de Explotación, non desvirtúan de ningún xeito ós feitos nos que se basea este Concello para instar o procedemento de revisión de oficio. Polo exposto procede que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Desestimar, na súa totalidade, as alegacións presentadas polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a través da súa Subdirección Xeral de Explotación.

SEGUNDO.- Solicitar o ditame preceptivo do Consejo de Estado, de acordo co disposto no artículo 106 da Lei 39/20015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas."

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar, na súa totalidade, as alegacións presentadas polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a través da súa Subdirección Xeral de Explotación.

SEGUNDO.- Solicitar o ditame preceptivo do Consejo de Estado, de acordo co disposto no artículo 106 da Lei 39/20015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas."

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr Alcalde dicindo que se asinou un convenio no seu día entre o Ministerio de Fomento, polo que se cedía por parte do Ministerio a recta de Distriz a de N-120 ata o río Cinsa, e dende o río Cinsa para diante seguía pertencendo a Pantón. O problema é que ese convenio nunca foi aprobado polo pleno da corporación e tiña que ser aprobado, para que o Concello poida aceptar un ben seu debe aceptado polo pleno, non vale que o acepte o alcalde nin a Xunta de Goberno. Polo tanto, ese convenio non so non se trouxo a pleno, houbera sido igual se fora unha addenda, nese convenio acéptabase o tramo da antiga N-120 á nova N-120, di que para eles é un acto nulo, e polo tanto, non se ten porque soportar a carga desa estrada. Sinala que trátase de facer os pasos administrativos pertinentes para remitir ao consello de Estado, e unha vez que o Consello de Estado dictamine, se da a razón para diante. Por iso se fai esta tramitación porque cren que ese convenio non foi asinado, parécelles que é un acto nulo dende o principio.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que aquí o que vai votar e se desestimen as alegacións, cales son esas alegacións presentadas. Di que eles teñen que saber se se deben aceptar ou non. Di que eles vanse abster, realmente gustaríalle saber ter a toda a documentación.

Intervén D. Katherinie Varela di que en certo modo gustaríalle velas, é verdade na proposta faise referencia a elas. Fala do tramo de estradas é competencia do estado. Tantos anos despois, que o Ministerio presente estas alegacións. Amosa a súa abstención.

Intervén o Sr. Alcalde di que o no informe se recollen as alegacións, non se trata de que teñamos que asumir competencias que non lle corresponden, encima se recollía unha cesión dunha estrada que nin sequera existe. Todo aquelo existiu algún día, fala dun proxecto cunha normativa ambiental que hoxe non valería.

Intervén D. Emilio José dicindo que non quere facer unha valoración do traballo da Secretaria, que non se perdan as boas costumes, dende o 2015, cada vez que se facía unha alegación, fala de Aqualia, sempre se lles pasaban esas alegacións, sí se poden desprender do informe, transparencia total e absoluta simplemente para poder emitir un voto en valor ao que eles poden entender.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o entende e non teñen ningún problema en facilitarlle a copia.

Intervén Dª Katherinie Varela sinala que as alegacións se resumen desta forma pero gustaríalles velas.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis abstencións dos concelleiros/as Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE O TRASPASO AO SERGAS DOS SERVIZOS SANITARIOS MUNICIPAIS.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro abstencións do concelleiro e concelleira do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da moción presentada:

"1.-*O Pleno do Concello de Monforte de Lemos insta ao Goberno da Xunta de Galicia a facilitar e axilizar o traspaso de competencias, función e custes dos servizos de carácter sanitario de Monforte de Lemos a través do mecanismo acordado coa FEGAMP e no menor tempo posible.*

2.-Dar traslado deste acordo ó Presidente da Xunta de Galicia, ó Conselleiro de Sanidade e ós Voceiros dos Grupos Parlamentarios no Parlamento de Galicia".

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

12º-. MOCIÓN DO PP PARA SOLUCIONAR O CONFLICTO LABORAL ENTRE O CONCELLO DE MONFORTE E O PERSONAL DO CONSERVATORIO.

O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor do concelleiro e concelleira do Grupo Municipal Popular e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e do Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da moción presentada:
"1. Desistir do procedemento de dedución de retribucións e do procedemento disciplinario contra os empregados do Conservatorio acordado na Xunta de Goberno Local de 22 de febreiro do 2021.
2. Solucionar extraxudicialmente as contendas xudiciais en curso entre os traballadores do Conservatorio e o Concello.
3. Iniciar á maior brevidade posible os trámites legalmente establecidos para a aprobación dun convenio propio dos traballadores do Conservatorio".

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, cinco votos a favor dos concelleiros/as Grupo Municipal do Partido Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias e unha abstención de D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

13º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE PARA REDUCIR A PRESIÓN FISCAL DO CONCELLO DE MONFORTE.

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro D. Jaime Germán Vázquez Pérez e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, do concelleiro e concelleira do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG).

Transcríbese a proposta da moción presentada:
"1.-Instar a o equipo de goberno a que deixe de ocultarlle a realidade os seus concidadáns.
2.-Instar a o equipo de goberno a que recoñeza a veracidade dos datos sacados dos orzamentos xerais do Concello.
3.- Instar a o equipo de goberno a comprometerse a rebaixar a presión fiscal da nosa cidade tanto por vía de impostos directos como por vía de taxas. "

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez falando dos puntos da moción. Di que eles non van entrar se o goberno oculta ou deixa de ocultar. A presión fiscal a nivel Estado calcúlase doutro xeito da que se fai a nivel municipal. Pero estes son cifras indicativas pero hai que ter moito coidado, xa que as persoas non pagan impostos senón os bens inmobles, os vehículos. Hai xente que non paga ningún tributo porque non ten pertenzas, é verdade que esta é a media, pero agora mesmo hai que saber cal é a presión fiscal, a presión fiscal pódese deducir sen ten que reducir impostos. Di que a tabla esta ben feita. Di que eles dende que el concelleiro abogan por rebaixar o IBI, di que o que non se moveu foi o tipo impositivo, porque houbo

unha revalorización á alza, e polo tanto, se pagan máis impostos, abogan por baixar o tipo impositivo dende anos, pódese baixar paulatinamente.

Intervén Dª Katherinie Varela di que nesta moción está de acordo no espíritu da rebaixa da carga impositiva. Fala da carga impositiva neste Concello é excesiva. Abogan por unha rebaixa impositiva de cara aos os empresarios, autónomos, veciños en xeral. Fala do primeiro punto e segundo parece demasiado genérico, votaría o punto tres que é moito máis preciso.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que a disertación que fai aquí o Sr. Germán é incorrecta. Di que D. Germán está mentindo, non é verdade. Este alcalde o seu equipo de goerno non subíu ningún tipo impositiva ningunha taxa, non subiu ningún imposto, por iso non pode consestir que se rebaixe a presión fiscal, consta na propia documentación á que vostede se refire, documentación contable do propio Concello. Aquí estase faltando á verdade, fala das bonificacións, rebaixe do imposto de lixo, taxas do cemiterio. Subida do IPC en cuestión de contrato. Fala das rebaixas que fixeron no ano 2021. Non sabe se dirixirse a vostede D. Germán, cando está aquaí e representa a un grupo municipal ten que soportar as verdades, este alcalde nunca mentiu, o IBI non subiu, segue estando no mesmo porcentaxe que tiña o equipo de goberno. Este incremento ben motivado polas regularizacións catastrais e polas altas de construcións novas. En canto á subida na que vostede se refire, non se incrementou o tipo impositivo, por iso se cobra porque se fan obras, por desgracia a xente segue arranxando as casas e segue construindo. O IPC ten que subir, isto pasa en tódolos negocios, iso non se pode remediar, este Concello ten uns contratos establecidos onde se estipula esta subida. O imposto de lixo baixouse, bonificacións concedidas por Sogama.

Intervén D. Jaime Germán dicindo que o di o Sr. Emilio de que non é o 100%, presión fiscal do que costa vivir, non fala de que subiran impostos. Di que eles se refiren ao tema da presión fiscal, da rebaixa do IBI, está baixando a poboación e incrementando esa presión. Di que eles non teñen ningún problema, do tema dos puntos. Si que é certo que se quitan dos datos que lle dan do Concello. Fala do tema das taxas das terrazas, di que non ten ningún problema en asumir ningunha cousa. Di que eles estaban falando única e exclusivamente da presión fiscal, di que eles non minten e non dan datos falsos.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que van apoiar a iniciativa porque o espíritu é baixar os impostos dunha forma gradual, que é asumible, sen disminuir os servizos básicos. Outra cousa, pódese buscar a maneira, podese facer unha bonificación da primeira vivenda para os cidadáns, que pode ser un aliciente para medrar en poboación. Di que fai unha xestión axeitada na recollida de lixo, pero poderíase facer moitísimo mellor, fala da compostaxe comunitaria para mellorar a xestión.

Intervén Dª Katherinie Varela dicindo que o seu grupo considera que se pode rebaixar o IBI. Di que se falan das exencións fiscais que se levan feito, todo ese remanente é para iso, son os aforros dos veciños e hai que utilízalo para axudalos. En canto ás taxas da hostelería, se agora non queren contestar, formula a pregunta

"in voce" ao final do pleno, sería outra maneira de rebaixar a presión fiscal, que non se cobren as taxas no segundo semestre.

Intervén D. Ibán Torres reitera a súa exposición dicindo que non se suben os impostos, que é onde se vai quitar. Pode consultar os equipos económicos do Concello se esta alcladía subiuos impostos, vanlle dicir o contrario, que este alcalde baixou os impostos. Di que non van permitir o compromiso da presión fiscal porque non é correcto. Non hai presión fiscal ningunha Sr. Germán.

Intervén D. Jaime Germán di que el non minte e os datos están aí. Pero antes se gastaban 360 euros e agora 424 euros, nunca se falou de minorar o gasto social, fálase das prioridades e vostedes non teñen as mesmas. Efectivamente, podía derivarse en axudas para o sector hostlería, poderáin volver a pensar no sector comercial, poderían pensar nun montón de cousas sen gastar, nas súas prioridades, como pode ser esa ponte ou a zona C. Ademáis isto é moi sinxelo antes 360 euros e agora 424, é así, di que en ningún momento dixo que era polo incremento da taxas. O que non poden dicir é que minto.

Intervén o Sr. Alcalde dando as grazas a D. Emilio pola súa exposición ao principio deste punto. Revise vostede as actas dos plenos e verá as veces que a el lle negaron documentación dicindo coa excusa de que non tiña a cuarta parte dos concelleiros do pleno. O que non pode pedir é que lle fagan o traballo á oposición. Falan vostedes de revisar impostos, como se pagan os servizos públicos, iso é propio da dereita, porque lle interesan aos máis ricos, se se queren ter uns servizos públicos de calidade, as administracións teñen que ter ingresos. Baixar impostos e logo dicir que hai que invertir máis e dar máis axudas, é incompatible, o círculo de momento segue a ser redondo, dende logo iso non existe. Vostede acaba de recoñecer aquí de que non subiron os impostos, se non subimos os impostos non subiron a presión fiscal, dende fai uns anos, aqueles edificios que estaban sen regularizar que non pagaban, que agora paga, é polo que se ingresa máis sen subir ningún imposto, iso é que paga o que ten que pagar, todos teñen a obrigación de contribuir con aquello que teñen. Se vostede recoñece que non subiron os impostos non pode vir aquí dicindo que se subiu a presión fiscal que haxa máis ingresos é que hai mellor xestión, iso o entende quén quere entendelo.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

14º.- MOCION DO BNG PARA EXECUTAR E FACER CUMPRIR AS MEDIDAS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS QUE A LEI ATRIBÚE AOS CONCELLOS.

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, do concelleiro e concelleira do Grupo Municipal Popular e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-Esperta Monforte).

Transcríbese a proposta da moción presentada:

"Ao Goberno Municipal de Monforte de Lemos que cumpra e faga cumprir as referidas leis, e de maneira efectiva proceda a realizar cantas dilixencias sexan necesarias para manter as faixas de Seguridade ao redor dos núcleos habilitados e obrigar neste e nos outros casos que contemplan as leis, á súa roza e mantemento por parte da propiedade, utilizando para elo os mecanismos legais que asisten a este consistorio".

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura a súa moción. Sinala que este ven dado que hai fincas ou parcelas que despois de facer varios requirimentos, non foron limpadas, fala de denuncias pertinentes e non se dan saída, e polo tanto queren que se leven a cabo esas medidas. Reclamarlle ás distintas administracións públicas que limpen as estradas. O que se solicita é que se leven a cabo todas as medidas que están ao noso alcance para evitar a propagación deses lumes, e agora no mes de abril, temos tempo suficiente.

Intervén D. Jaime Germán adiante ao seu voto favorable entende que é prioritario que se cumpran as leis. As obrigas dos propietarios son claras e beneficiosas para todos, e se teñen que poñer todos os mecznismos se leven a cabo da maneira efectiva posible.

Intervén Dª Katherinie Varela entende que as administracións todas as que sexan competentes cumpran as súas obrigas á hora de desbrozar, a Xunta, o Estado a Deputación. Por outra banda, na medida que poda o Concello indagar que fincas están en estado de abandono, que se poda iniciar un procedemento sancionador, entende que en Mofnorte hai fincas que están en situación de abandono fai moitos anos. Amosa o seu apoio á moción.

Intervén D. Ibán Torres di que este equipo de goberno está de acordo con D. Emilio. Este Concello atópase adherido ao convenio de colaboración entre a Xunta e a Fegamp, ese convenio dispón que os concelleos poderán acceder ao sistema púbico de xestión de biomasa. A empresa SEAGA di que este Concello non é prioritario. Este Concello cumpre coas obrigacións impostoas a pesar das carencias de medios económicos e humanos que ten. Dille a D. Emilio que se require aos particulares para que manteñan as fincas limpas. Este alclade e o equipo de goberno traballan apra manter libre de maleza os espazos, pese aos escasos medios dos que se contan. Polo tanto debe trasladarlle esta petición á Xunta de Galicia, sinala que o seu voto vai ser en contra.

Intervén D. Emilio di que non lle preocupa é que lle voten en contra, ogallá leven a cabo todas esas cuestio´ns que están no seu alcance para protexer á cidadanía. O lume apagase no inverno. O sr. Alcalde viviu fai dous anos, unha reclamación dun veciño, dun pinar. Cando a xente dunha forma non legal sen cambiar o uso de terreos, plantou piñeiros a 50 metros das casas, moitas destas personas non viven nas parroquias onde fixeron esas plantacións. Os veciños que residen nests parroquias fixeron as súas reclamacións, polo tanto levan así algúns dous , tres anos sentídose indefensos. Esta iniciativa trata de que cando un veciño fala de

piñeirales de 100 metros ou 50 metros, para que o Concello obre en consecuencia, o que se trata é de prever esas desgracias que tristemente acontecen.

Intervén Dª Katherinie Varela di que se se quere que haxa fondos, haberá que pedir tamén, hai cousas que terán que pedilas. Di que cre que a Xunta sempre que levantou o telefóno respondeu coa cidade de Monforte. Di que son compatibles as dúas mocións, se queren incluir tamén que d. Emilio inste a Xunta o que sexa da súa competencia que o fagan.

Intervén D. Ibán Torres di que el non vota non polo non, fundamentou ben os seus argumentos.

Intervén D. Emilio Sánchez di que á xunta ten materia pendente Xunta en materia de incendios, xa se lle reclamará no seu momento.

Intervén o Sr. Alcalde di que entende coa súa vontade, se votan a favor é como dicir que estase a incumprir a lei. Di que eles cumpren a lei igual que o resto dos Concellos de Galicia. Na Fegamp cando saiu a modificación da lei de montes, esixía o que esixía sobre as franxas secundarias, o 90% dos Concellos galegos non o podían executar, e como iso non podía ser así, reaccionou ben a Xunta, asumiu que non realizable, asinou un convenio coa FEGAMP e con SEAGA, di que a empresa Seaga delimitara as franxas secundarias e limpezas das mesmas. Non se trata de votar non polo non, di que eles están cumprindo, di que esa función vaina facer Seaga. Asumir á lixeira que se está a incumprir a lei, parécelle un pouco raro.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

15º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de datas 24.03.2021, 05.04.2021 e 15.04.2021) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta específicamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

16º. – DACIÓN DE CONTA DO RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO DURANTE O ANO 2020.

O Pleno queda informado dos resultados do control interno durante o ano 2020 de acordo aos artigos 37 e 38 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se aproba a norma reguladora do réxime xurídico do control no Sector Público Local.

17º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta do BNG. Cales son as acción que o Concello ten levado, ou vai levar a cabo para oferta este solo industrial, ou existe algún outro plan?

Resposta o Sr. Alcalde sinala que o tema do polígono cando eles chegaron ao goberno xa levaban caducadas do no 2012 as concesións. Di que non é posible tal prórroga, o único intento que houbo foi traer a este pleno digamos que unha prórroga, naquel pleno non houbo acordo, di que eles estaban de acordo para desenrolar para levar a cabo un proxecto industrial. Polo tanto, di que tomaran as medidas oportunas como goberno, porque pensan que é o mellor para o Concello e para os propietairos, non queren perxudicatr a ninguén maís aló do que a lei establece. Si que hai terreo no polígono, as parcelas son fraccionables. Se vostede quere comprar terrenos no polígono e verá vostede como vai ter suelo. O polígono vai ter melloras importantes tanto en saneamento, en urbanización das que xa se fixeron. Vostede non se preocupe que o Concello levará a cabo todos os trámites oportunos para mellorar o polígono, estanse vendendo moitas parcelas e que afortudamente o polígono está tendo unha vida. Vai haber máis actividade empresarial e industrial da que hai neste momento.

Rogo do BNG. Que o Concello amañe a estrada entre As Fontes e Reigada a fin de paliar as carencias e os riscos enriba indicados.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que como xa ven di vostede xa dixo que esta estrada está para ser arranxada en non moito tempo. Fai pouco que se limpou, un par de meses. Efectivamente, esta incluida dentro das obras do PEIM e que se vai licitar, e a partir de aí se fará.

Pregunta do Partido Popular, Ten pensado o equipo de goberno tomar algunha medida para solucionar esta situación de abandono?

Resposta o Sr. Alcalde que non sabe cal é a súa preocupación. Di que aos empresarios do Polígono lle chamou a atención o que fixeron vostedes. Se renovaron os contenedores, os que se retiran mentras non se tratan hai depositalos nalgún sitio, iso está aí por pouco tempo.

Pregunta "in voce" do Partido Popular relativo a eximir do pago da taxas no segundo semestre.

Resposta o Sr. Alcalde di que xa se dixo aquí, se algún Concello estivo pendente do tecido produtivo foi o Concello de Monforte, isto non é mérito do alcalde, senón de todos, en función como evolucionen as circunstancias da pandemia para axudar se

é necesario, xa se verá que se produce a partir de xuño, non lle quepa dúbida se as circunstancias non son favorables serán sensibles con todo isto.

Remata a sesión sendo ás once horas e sete minutos do mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE